

INTITUCIONAL

## O Consorcio de Santiago reuniu a súa Comisión Executiva

O Consorcio de Santiago celebrou o martes 26 na súa sede do Pazo de Vaamonde unha reunión ordinaria da súa Comisión Executiva.

Na xuntanza aprobáronse diversos asuntos de trámite entre os que destaca a aprobación de propostas do Departamento de Estudos Históricos e Publicacións como son a da realización do documental "El sueño que cura" referente ao Museo Nacional de Anestesia ou o proxecto de documentación fotográfica 'Compostela extramuros', do fotógrafo Fuco Reyes.



PUBLICACIÓNS

## Presentado o libro que recolle a historia do primeiro ferrocarril galego no seu 150º aniversario

O Consorcio de Santiago e a editorial Alvarellos presentaron este venres na Casa das Asociacións de Cornes, en Santiago, o libro que coeditan 'Historia del primer ferrocarril gallego. El tren de Rosalía', de Tomás Cavanna Benet, pertencente á Biblioteca de Divulgación Xacobeo do Consorcio.

A presentación realizouse no día no que se fixeron 150 anos da posta en funcionamento da primeira liña ferroviaria de Galicia de 42 quilómetros entre a estación de Cornes, no municipio de Conxo (actualmente integrado en Santiago de Compostela), e O Carril (municipio absorbido por Vilagarcía de Arousa).

A publicación recolle a historia do proxecto deste primeiro tren de Galicia que, aínda que tivo un final feliz, tivo moitas dificultades para ser posto en marcha.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/noticias/6-consorcio-e-editorial-alvarellos-recollen-nun-libro-historia-do-primeiro-ferrocarril-galego>



EXPOSICIÓNS

## A exposición 'Lorca en Compostela' recibiu en dous meses preto de 13.000 persoas

A mostra 'Lorca en Compostela', aberta ao público desde o 20 de xullo na Casa do Cabido, recibiu ata mediados deste mes de setembro preto de 13.000 visitantes, o que supón case o 60% de persoas que recibe habitualmente nun ano natural a sala de exposicións da praza de Praterías.

Desta maneira, a exhibición dedicada ao poeta de Fuentevaqueros converteuse xa na máis visitada nos once anos que leva aberta a Casa do Cabido como lugar para exposicións.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/noticias/exposicion-lorca-en-compostela-recibiu-en-dous-meses-preto-de-13000-persoas>



MÚSICA



## A Real Filharmonía e o IDIS impulsan unha nova edición de Sensoxenoma

A Real Filharmonía de Galicia ofreceu os días 29 e 30 dous novos concertos do proxecto de investigación Sensoxenoma que realiza conxuntamente cos grupos de investigación multidisciplinar GenPoB (Grupo de Xenética de Poboacións en Biomedicina) e GenVIP (Grupo de Investigación en Xenética, Vacinas e enfermidades infecciosas) do Instituto de Investigación Sanitaria e da Universidade de Santiago de Compostela e que busca investigar como inflúe a música na expresión dos nosos xenes.

Ademais, tamén foron presentados os primeiros resultados obtidos dos concertos experimentais que se realizaron en setembro de 2022. Estes resultados axudan a entender por primeira vez obxectivamente o efecto beneficioso da música nas persoas con deterioro cognitivo.

Máis información:

<http://www.rfgalicia.org/gl/o-idis-e-a-real-filharmonia-de-galicia-impulsan-una-nova-edicion-de-sensoxenoma/>

Comeza a temporada

# MIGRACIÓNS

Co mes de outubro chega unha nova temporada da Real Filharmonía de Galicia. Tras os primeiros concertos polos barrios, no festival Maré con Amancio Prada e do proxecto Sensoxenoma, a orquestra comeza a súa temporada de abono con tres actuacións este mes no Auditorio de Galicia e nas cidades galegas.

O 5 de outubro Baldur Brönnimann dirixe o concerto 'novos destinos' co pianista Alberto Rosado, repetíndose ao día seguinte en Ferrol. Na semana seguinte Joana Carneiro leva a batuta de 'mar en calma', onde actuará o frautista André Cebrián o día 18 en Vigo, 19 en Santiago e 20 en Lugo. O mes rematará con Pablo González dirixindo 'dende o exilio' o día 26 en Compostela.